

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE XUÑO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. Jose Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:45 horas do día trinta de xuño de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da Alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/05/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa-Presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Sinala a secretaria o erro material no encabezado da acta onde figura o nome dos concelleiros asistentes onde di “*D. Luís Vereá Taboada*” debe dicir “*D. Luís Rico Vereá*”.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/05/2016 coa rectificación indicada nos considerandos deste acordo.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA MANTEMENTO SERVIZO DE NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO, DURANTE O ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1135 en data 03/06/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Mantemento servizo de normalizador lingüístico).

O importe que se vai aboar é de 3.000,00 Euros (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA CONTRATACIÓN PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2015.

Pola secretaría dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1065 en data 01/06/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Técnico deportivo).

O importe que se vai aboar é de 3.211,49 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA INVESTIMENTOS DEPORTIVOS EJERCICIO 2015.

Pola secretaría dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1063 en data 01/06/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Mellora de pistas polideportivas en Arceo e na Gándara).

O importe que se vai aboar é de 2.059,12 €uros (o resto do 60% da subvención concedida).

Economía: 0,14 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, EJERCICIO 2015.

Pola secretaría dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1064 en data 01/06/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Actividades deportivas 2015 “Boimorto activo”).

O importe que se vai aboar é de 1.732,50 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN PROGRAMA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS (2015)

Pola secretaría dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1349 en data 18/06/2015, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014, correspondente ao exercicio 2015 (Financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais).

O importe que se vai aboar é de 15.786,34 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA CONTRATACIÓN DE ANIMADORES CULTURALS, DURANTE O ANO 2016

Pola secretaría dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1304 en data 14/06/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publi-

cada no BOP nº 102 do 31/05/2016, correspondente ao exercicio 2016 animador cultural) por importe de 4.500,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016 (BEBETECA)

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1303 en data 14/06/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP nº 103 do 01/06/2016, correspondente ao exercicio 2016 para o desenvolvemento de servizos sociais - bebeteca por importe de 4.999,39 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 975 en data 19/05/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP do 03/05/2016, correspondente ao exercicio 2016 para animador deportivo por importe de 4.500,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DO PAS 2015-3ª FASE

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1509 en data 30/06/2016, na que comunica que o pleno da deputación, na sesión realizada o 27 de maio de 2016, aprobou a 3ª fase do plan de acción social (PAS) 2015 incluíndo ao final da circular o anexo I: listade dos investimentos que se refiren a este concello:

Denominación	Deputación	Concello	TOTAL
Pintado ext. E peche patio CEIP Armando Cotarelo Valledor	30.378,34	0	30.378,34
Ampliación de miniresidencia en Boimorto	236.687,06	0	236.687,06
TOTAL	267.065,4	0	267.065,4

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 07/06/2016 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 03/06/2016 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DA CORUNA NO PROCEDIMENTO AUTOS NUM. 400/2015 E 271/2016

Pola secretaria dase conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 03/06/2016 recaída no procedemento autos de xuízo nº 400/2015 e 271/2016, ditada polo Xulgado do social número cinco da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1364 en data 20/06/2016, no que se acorda “.. *Que debo desestimar y desestimo la demanda que en materia de cantidad, ha sido interpuesta por Dª Ana María Brea Iglesias, contra el Ayuntamiento de Boimorto y en consecuencia, debo absolverlo de todo lo petitionado en su contra. ...*”

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL RECORDANDO A FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA O PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado polo Presidente da Deputación Provincial da Coarúña, rexistro de entrada neste concello co nº 1473 en data 28/06/2016, recordando a finalización do prazo de presentación de documentación para o Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016” que remata ás 14:00 horas do día 15/07/2016 e a este concello resultoulle asignada a cantidade de 68.482,51 €uros que poderá destinarse á realización de actividades ou investimentos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL ADXUDICACIÓN ESPECTÁCULOS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA REDE CULTURAL 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1471 en data 28/06/2016 no que se notifica a resolución de adxudicación a este concello os espectáculos correspondentes ao programa rede cultural 2016 que se sinalan deseguido:

NON PROFESIONAIS

<u>Nome do grupo</u>	<u>Caché</u>	<u>% Deputación</u>	<u>% Concello</u>
Acordes de Ilusións	310,00 €	232,50 €	77,50 €

MÚSICA PROFESIONAL

<u>Nome do grupo</u>	<u>Caché</u>	<u>% Deputación</u>	<u>% Concello</u>
Tiruleque: Tiruleque en concerto	2.175,00 €	1.633,50 €	544,50 €
Festicultores Tropes escenario:Festicidio colectivo	2.420,00 €	1.815,00 €	605,00 €
Total	4.908,00 €	3.681,00 €	1.227,00 €

Tamén comunica que a sinatura dos convenios realizarase no Pazo Provincial o 11 de xullo de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.13.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, rexistro de entrada neste concello co nº. 1057 en data 31/05/2016 no que se comunica que se lle asignou a este concello un financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 30.026,00 €uros; tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2015 para este concepto, segundo os datos que se reflictan na seguinte tabúa:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2015	Anticipo 2016 (50%)
Concello de Boimorto	1	30.026,00 €	15.013,00 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL NO QUE SE COMUNICA A EXISTENCIA DUN ERRO NA COMUNICACIÓN DO ANTICIPO DA CANTIDADE ASIGNADA PARA O CONCEPTO DE TRABALLADORA SOCIAL

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, rexistro de entrada neste concello co nº. 1296 en data 14/06/2016 no que se comunica que se existe un erro material no escrito de comunicación do anticipo do financiamento asignado para o concepto traballadora social e que se realiza a correspondente corrección:

Onde di:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2015	Anticipo 2016 (50%)
Concello de Boimorto	1	30.026,00 €	15.013,00 €

Debe dicir:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2015	Anticipo 2016 (50%)
Concello de Boimorto	1	15.013,00 €	7.506,50 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.15.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, SERVIZO EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do Servizo Emprego e Economía Social, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada neste concello co nº 1264 en data 10/06/2016, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A 2016/58-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Socorrista

Importe total da subvención concedida: 2.905,10 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 05/07/16	1	Socorrista	8	Obra/Servizo (interese social)	2	100	716,70	2.188,40
					TOTAIS		716,70	2.188,40

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por parte da secretaria informáse que a contratación xa foi realizada no mes de xuño.

2.1.16.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DENOMINADO RECUPERACIÓN DO ESPAZO AMBIENTALMENTE DEGRADADO CHOUSA DA MOTA E GASTOS DE FUNCIONAMENTO ENCARGADO DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da dirección xeral de Administración Local, rexistro de entrada neste concello co nº. 1056 en data 31/05/2016, no que se notifica a resolución de concesión de subvención por importe de **32.000,00 €** para o proxecto denominado **“Recupera-**

ción do espazo ambientalmente degradado Chousa da Mota e gastos de funcionamento encargado de servizos municipais”, ao abeiro da orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro de 2015). Liña en concorrencia competitiva (artigo 3.1.b)
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.17.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL AUTORIZANDO AS OBRAS DO MODIFICADO DO PROXECTO DE PINTADO EXTERIOR E PECHER DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO “ARMANDO COTARELO VALLEDOR”

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada neste concello co nº 1515 en data 30/06/2016, autorizando as obras do modificado do proxecto de pintado exterior e peche do centro público integrado “Armando Cotarelo Valledor”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.18.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ACLARACIÓN SOBRE AS COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NAS REDES SECUNDARIAS ESTABLECIDAS NA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, rexistro de entrada neste concello co nº 1420 en data 22/06/2016, no que se acompaña anexo de aclaracións sobre as competencias da Administración Local nas redes secundarias establecidas na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.19.- ESCRITO DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA INFORMANDO DA SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS EN CONCELLOS E DEPUTACIÓN DE GALICIA DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIG), rexistro de entrada neste concello co nº 1141 en data 03/06/2016, no que comunica que subscribiron coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) un convenio marco de colaboración para a realización de prácticas formativas en Concellos e Deputación de Galicia de Enxeñeiros Industriais e achegan copia.

A entidade colaboradora neste caso o Concello, preverá para este Convenio, a dotación dunha bolsa por valor de 1.000 euros brutos ao mes.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE ANA MARÍA PAZOS BENDOIRO E CAMBIO TITULARIDADE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 815 con data 25/04/2016, presentada por Dna. Ana María Pazos Bendoiro, DNI núm. 79331104X, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Gándara núm. 44 1º B do núcleo urbano de Boimorto, na que solicita a baixa no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda sita no lugar de Moscosas núm. 2, parroquia de Cardeiro, alegando que xa non reside nesta vivenda e non é propietaria da mesma. Así mesmo solicita cambio de titularidade da taxa de recollida de lixo, causando baixa a solicitante e alta a entidade bancaria BANCO POPULAR
Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 97252535 que figura a nome de Dna. Ana María Pazos Bendoiro, correspondente ao inmovible sito no lugar de Moscosas nº 2 da parroquia de Cardeiro, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2016.

SEGUNDO.- Proceder o cambio de titularidade do recibo de recollida de lixo da referida vivenda, causando baixa Dna. Ana María Pazos Bendoiro e alta no novo titular BANCO POPULAR no segundo trimestre do exercicio 2016.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Moscosas núm. 2, parroquia de Cardeiro, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1352 con data 20/06/2016, presentada por D. José María Fraga Prado con DNI 33210960H, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Iglesia núm. 18, parroquia de Cardeiro, Boimorto, código postal 15818, na que solicita a baixa no servizo de recollida de lixo o local destinado ao negocio de carpintería que rexentaba, sito no inmovible situado no lugar de Iglesia nº 18, Cardeiro (Boimorto), deste termo municipal.

Considerando que o inmovible tributa pola planta baixa adicada a negocio e a planta alta a vivenda.

Constando documentación acreditativa, copia da Declaración censal presentada por D. José María Fraga Prado con DNI 33210960H, de baixa no censo de empresarios, profesionais e renetedores, con rexistro de entrada na Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Economía e Facenda de Santiago de Compostela en data 31/05/2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo que figura a nome de José María Fraga Prado correspondente ao inmovible sito no lugar de Iglesia nº 18, Cardeiro (Boimorto) na elaboración do padrón fiscal correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2016, con respecto á pranta baixa adicada a negocio.

SEGUNDO.- Comunicar ao interesado que no caso de nova apertura do establecemento deberá contar coa oportuna licenza de actividade.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 17 de xuño de 2016 (RE núm. 1341) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Isabel Rodríguez Vilariño
DNI:	33066677Z
Domicilio:	Lg. Pazo núm. 1 - Sendelle 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución da cuberta de tella dunha edificación destinada a vivenda, por outra nova a base de tella sobre fibrocemento
Situación:	Lg. Pazo nº 1 - Sendelle - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	15010A503003660001KU
Orzamento de execución:	5.691,20 Euros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 22 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.691,20 Euros

Liquidación 2%: **113,82 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Isabel Rodríguez Vilariño indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 23 de xuño de 2016 (RE núm. 1460) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Luz Vigo Carbajales
DNI:	78796617C

Domicilio:	Lg. Fontao núm. 3 - Brates -15817 Boimorto
------------	--------------------------------------------

Datos da obra:

Obxecto:	Colocación de tella cerámica curva (249,72 m2) sobre pranchas fibrocemento existentes e colocación de canalón de aluminio anticorrosivo de 400 mm (63 ml)
Situación:	Lg. Fontao núm .3 - Brates
Referencia catastral:	15010A502001140000JK
Orzamento de execución:	13.729,54 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Resolución do Organismo Augas de Galicia de data 21/06/16 autorizando as obras (exp. nº DH.W15.53221
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 27 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 21/06/2016 do Organismo de Augas de Galicia.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 13.729,54 €uros

Liquidación 2%: **274,59 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Luz Vigo Carbajales indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 7 de xuño de 2016 (RE núm. 1227) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Benedicto Fuciños Buján
DNI:	32397803A
Domicilio:	Avda. Oza nº 206 P-6-E 15006 A Coruña

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do tellado dun alpendre de fibrocemento en mal estado por outro do mesmo material de cor vermello
Situación:	Lg. Campo do Olló - Dorneá - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508000850001KE
Orzamento de execución:	1.260,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 8 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra segundo informe técnico: 2.102,39 €uros

Liquidación 2%: **42,05 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Benedicto Fuciños Buján indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 25 de abril de 2016 (RE núm. 818) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Luís Maques García, en representación de O Forno de Noa, S.L.
DNI:	32805437P
Domicilio:	Rúa Pazo núm. 7 - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Reparación do tellado a causa das condesación ocasionadas polas elevadas temperaturas que se alcanzan no interior do establecemento, a causa da actividade de obradoiro de pan.
----------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

	Substitúese as pranchas de fibrocemento da cuberta por outras de panel sandwich en cor tella, sen alterar as condicións da estrutura. Ademais, e por indicación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, é necesario pintar as fachadas exteriores da nave, en cor branco.
Situación:	Rúa Pazo núm. 7 - Boimorto
Referencia catastral:	1219102NH7611N0001IS
Orzamento de execución:	8.598,49 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 19/04/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0009CNC
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Fernando Delgado Juega de data 6 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 19/04/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 10.577,54 Euros

Liquidación 2%: **211,55 Euros**

4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 20 de maio de 2016 (RE núm. 990) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Xesús Seoane Taboada, en representación de SAT Seoane nº 843 Xuga
DNI:	33249313F
Domicilio:	Lg. Orros nº 8 - Andabao - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun camiño de acceso a finca a base de 1,20 m de material de préstamo e 15 cm zahorra artificial completa. No seu encontro co viario público instalárase un paso salva gabias reforzado con formigón, cunha tubaxe de formigón de 40 cm.
Situación:	Lg. Orros - Andabao - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A504004810001KG
Orzamento de execución:	4.559,10 €uros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 20 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 4.559,10 €uros

Liquidación 2%: **91,18 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Xesús Seoane Taboada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 20 de maio de 2016 (RE núm. 990) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Xesús Seoane Taboada, en representación de SAT Seoane nº 843 Xuga
DNI:	33249313F
Domicilio:	Lg. Orros nº 8 - Andabao - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución da cuberta e tella dun alpendre, por outra a
----------	-----------------------------------------------------------

	base de fibrocemento cor tella, cunha superficie de 94,25 m2.
Situación:	Lg. Orros - Andabao - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A504004810001KG
Orzamento de execución:	3.298,75 Euros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 20 de xuño de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal, debendo enfoscar e pintar as fachadas do alpendre que na actualidade se atopan con ladrillo visto, de conformidade co previsto no artigo 27 do PXOM.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 3.298,75 Euros

Liquidación 2%: **65.96 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Xesús Seoane Taboada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.7.- SOLICITUDE DESESTIMENTO COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ENFUSCADO E PINTADO DE FACHADAS NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE ESPÍNEIRO Nº 1 DA PARROQUIA DE BOIMORTO

Visto o escrito presentado por D. Luís Regueiro Regueira, con rexistro de entrada número 1221 en data 06/06/2016, solicitando o desestimento da comunicación previa de obras de enfusado e pintado de fachadas na vivenda sita no lugar de Espiñeiro número 1 da parroquia de Boimorto.

